

## ANEXO II

### CURRICULUM VITAE E DOCUMENTOS ACREDITATIVOS

#### 1. CURRICULUM VITAE

Presentarase un CV correctamente cumprimentado coa información que se especifica a continuación:

##### 1.1. **Datos persoais.**

1.2. **Datos académicos:** especificando formación universitaria, formación de posgrao e/ou doutoramento.

##### 1.3. **Datos profesionais:**

1.3.1. **Experiencia profesional:** especificando de forma concreta o centro de traballo; tipo de contrato (especificando inicio e final do mesmo); tipo de traballo realizado (especificando as labores realizadas, avaliación, tratamento, etc.).

##### 1.3.2. **Experiencia docente:**

1.3.2.1. **Experiencia docente universitaria:** especificando materias impartidas e horas totais de docencia para cada unha das materias, universidade na que se impartiron e departamento ao que pertencen, curso no que se impartiron (licenciatura, grao ou posgrao), tipo de contrato (especificando inicio e fin do mesmo).

1.3.2.2. **Experiencia docente non universitaria:** especificando tema da docencia impartida, lugar no que se desenvolveu e horas de docencia impartida.

##### 1.3.3. **Investigación**

1.3.3.1. **Publicacións:** especificando se é nacional ou internacional, tipo de publicación (artigo, libros, capítulo de libro ou publicación online), autores, nome da publicación, volume, páxinas, ISSN ou ISI (se o tivese).

1.3.3.2. **Congresos:** especificando se é nacional ou internacional, achega ao mesmo (presentación oral, póster), congreso publicado ou non publicado, se o traballo presentado se atopa publicado especificar autores, nome de publicación, volume, páxinas, ISSN ou ISI (se o tivese).

1.3.3.3. **Proxectos:** proxectos obtidos especificando se é ou non investigador principal, organismo público ou privado que subvenciona o proxecto, subvención obtida, duración do proxecto.

1.3.3.4. **Estadías:** estadías en centros españois ou estranxeiros, especificando lugar no que se realizou a estadía, duración da mesma, traballo realizado, subvención da estadía (se foi subvencionada por algún organismo público ou privado).

1.3.4. **Formación complementaria:** formación posterior á universitaria, especialmente aquela relacionada co ámbito da neuropsicoloxía.

1.3.5. **Outros méritos que desexe facer constar.**

## **2. DOCUMENTOS ACREDITATIVOS**

O curriculum vitae seguirá os puntos detallados e acompañarase de **fotocopia compulsada** dos documentos acreditativos para unha mellor valoración do mesmo:

- Títulos universitarios, de posgrao, doutoramento e doutros cursos realizados (**ver puntos 2.1, 2.2 e 2.3 para cada unha das vías de especialización A, B ou C**).
- Vida laboral ou contratos ou outro tipo de documento que xustifique os traballos realizados dentro do ámbito da neuropsicoloxía (**ver puntos 2.1, 2.2 e 2.3 para cada unha das vías de especialización A, B ou C**).
- Documentos acreditativos de toda a docencia realizada.
- Documentación acreditativa das publicacións realizadas (só da folla onde se especifique título da publicación e autores).
- Documentación acreditativa das estadías realizadas en centros clínicos ou de investigación relacionados coa neuropsicoloxía.
- Outro tipo de información relevante que desexe que se lle valore durante o proceso de acreditación (en referencia ao punto 1.3.4 e 1.3.5).

### **2.1. Documentos acreditativos dos méritos alegados para a VÍA A de acreditación.**

Para que se valore a solicitude de acreditación como experto en Neuropsicoloxía Clínica pola **vía A**, a persoa candidata debe achegar a seguinte documentación.

- 2.1.1. Solicitude correctamente cumprimentada para que se realicen os trámites de valoración: ANEXO I.
- 2.1.2. Curriculum vitae tal e como se especifica no punto 1.
- 2.1.3. Documentos acreditativos tal e como se especifica no punto 2. Neste caso débense xustificar **500 horas de formación teórica postgraduada en Neuropsicoloxía Clínica e 4 anos ou 4000 horas de práctica supervisada**. Das 500 horas de formación teórica posgraduada, polo menos o 50% han de acreditarse mediante un título de posgrao ou máster específico en neuropsicoloxía con calidade acreditada. O 50% restante acreditaríase coa asistencia a cursos de formación de posgrao en neuropsicoloxía tamén de calidade contrastada.

As horas de práctica supervisada xustificaranse seguindo os puntos desenvolvidos no ANEXO III.

### **2.2. Documentos acreditativos dos méritos alegados para a VÍA B de acreditación.**

Para que se valore a solicitude de acreditación como experto en Neuropsicoloxía Clínica pola **vía B** (persoa candidata con experiencia profesional), débese achegar a seguinte documentación.

- 2.2.1. Solicitude correctamente cumprimentada para que se realicen os trámites de valoración: ANEXO I.
- 2.2.2. Curriculum vitae tal e como se especifica no punto 1.

- 2.2.3.** Documentos acreditativos tal e como se especifica no punto 2. Neste caso débense xustificar **6 anos ou 6000 horas de experiencia profesional en neuropsicoloxía clínica** (segundo anexo IV e V).

Se neste caso tamén existen horas de práctica supervisada xustificaranse seguindo os puntos desenvolvidos no ANEXO III.

Para ser computables os méritos laborais, a persoa solicitante debe acreditar que durante o período de tempo para o que solicita a acreditación, o seu traballo profesional no ámbito da neuropsicoloxía clínica levouse a cabo estando colexiado en calquera dos Colexios Oficiais de Psicoloxía do Estado.

### **2.3. Documentos acreditativos dos méritos alegados para a VÍA C de acreditación.**

Para que se considere a acreditación como especialista en Neuropsicoloxía Clínica por esta vía C a persoa candidata debe achegar a seguinte documentación.

- 2.3.1.** Solicitude correctamente cumprimentada para que se realicen os trámites de valoración: ANEXO I.

- 2.3.2.** Curriculum vitae tal e como se especifica no punto 1.

- 2.3.3.** Documento acreditativo que xustifique o recoñecemento doutro COP autonómico. Nestes casos, a acreditación presentada pode non corresponderse cos criterios establecidos pola comisión de acreditación galega recoñecida polo COPG (criterios mínimos establecidos na Vía A e B do presente documento). Se a comisión galega considera que o candidato non cumpre os requisitos mínimos establecidos no presente documento para a acreditación polo COPG, a comisión pode requirir documentos complementarios que xustifiquen os mínimos necesarios para poder acreditar ao candidato a nivel estatal, a saber:

- Vía A: 500 horas de formación teórica postgraduada en Neuropsicoloxía Clínica e 4 anos ou 4000 horas de práctica supervisada. Das 500 horas de formación teórica postgraduada, polo menos o 50% han de acreditarse mediante un título de posgrao ou máster específico en neuropsicoloxía con calidade acreditada. O 50% restante acreditaríase coa asistencia a cursos de formación de posgrao en neuropsicoloxía tamén de calidade contrastada.
- Vía B: 6 anos ou 6000 horas de experiencia profesional en neuropsicoloxía clínica.

Nesta Vía C (do mesmo xeito que os establecidos na vía A e B), as horas de práctica supervisada deberanse xustificar atendendo aos criterios desenvolvidos no ANEXO III.